LEVANTEMOS A RESISTENCIA CONTRA TRUMP

19, 20 E 21 DE XANEIRO
XORNADAS DE PROTESTA INTERNACIONAL

A elección de Donald Trump como novo presidente dos EEUU provocou unha auténtica conmoción entre a mocidade, as mulleres, a inmigración, a comunidade LGTBI e a clase traballadora de todo o mundo. O seu discurso racista, machista, homófobo e reaccionario —de ser levado á práctica— pode converter a vida de millóns de persoas nun auténtico pesadelo: a comunidade latina, negra, musulmá, a clase obreira en xeral e a mocidade de EEUU e o resto do mundo, sabemos moi ben que ter a este neofascista dirixindo a potencia máis importante do mundo terá terribles consecuencias.

Que defende Donald Trump?

O multimillonario Donald Trump é un representante cualificado dos intereses do 1% desa elite de privilexiados que defende o capitalismo máis salvaxe e desapiadado. A súa política pretende devolver á clase dominante de EEUU ós seus momentos de máximo esplendor, reafirmando o seu poderío imperialista a escala mundial custe o que custe. E sabemos o que iso significa: auténticas masacres de millóns de inocentes en numerosos países, como vimos en Iraq, Afganistán ou Siria, todo para salvagardar os intereses dun puñado de multinacionais.

Se a súa axenda exterior é brutal, dentro das fronteiras de EEUU as consecuencias tamén poden ser terribles. Trump, que contou nos seus mítines de campaña co apoio do Ku Klux Klan e que nomeou a coñecidos racistas como ministros do seu goberno, deixou clara a súa intención de deportar a millóns de inmigrantes de

orixe latino ou musulmán, e de seguir utilizando a represión policial máis desapiadada contra a comunidade negra. Entre os seus plans estrela está construír un gran muro na fronteira con México para evitar o paso de miles de inmigrantes a EEUU, e aprobar leis racistas que acaben cos dereitos civís. Tamén anunciou medidas para recortar aínda máis a sanidade e a educación pública, atacar os dereitos das mulleres, proscribir o dereito ó aborto, e amparar a discriminación contra a comunidade LGTBI. Por suposto, tamén anunciou novas reformas laborais para aumentar o poder dos empresarios contra a clase traballadora e os seus sindicatos, e acabar coas prestaciones sociais que benefician ós sectores máis pobres da sociedade, que ascenden a máis de 40 millóns de persoas.

19 e 20 de xaneiro: Xornadas de protesta internacional

A mocidade e a clase traballadora en EEUU entenden perfectamente o que significa Trump, e a ameaza que representa sementar o veleno da xenofobia, o racismo e o machismo para dividir a quen sufrimos as consecuencias das súas políticas. Por iso, nada máis ser elixido atopouse cunha resposta contundente: decenas de miles de persoas, especialmente novas, saían ás rúas de Seattle, Boston, Chicago, Nova York e moitas outras cidades ó grito de: Non é o meu presidente! Abaixo Trump!

Coincidindo coa xornada do seu xuramento como Presidente, a organización **Socialist Students**, promotora das mobilizacións contra Trump, convocou a unha folga xeral estudantil en todos os institutos de EEUU para o día 20 de xaneiro. Os compañeiros dirixíronse ó Sindicato de Estudantes no Estado español, e ó Comité en Defensa do Ensino Público (CEDEP) de México, para que tamén promovamos unha campaña de solidariedade internacional e realizemos todo tipo de accións en apoio á súa loita.

Debemos recordar que na pasada folga do 26 de outubro contra as reválidas franquistas, miles de estudantes en todo o mundo mostraron a súa solidariedade coa nosa loita realizando concentracións fronte ás embaixadas, paros e asembleas para apoiarnos. **Socialist Students** foi a organización estudantil que organizou as accións de solidariedade en EEUU.

Desde o Sindicato de Estudantes chamamos a todo o estudantado de Institutos e Universidades a levar a cabo acciones de solidariedade co estudantado compañeiro de EEUU, concentrándonos o xoves 19, o venres 20 e o sábado 21 de xaneiro.
En concreto, propoñemos as seguintes iniciativas:

- **Pegadas de carteis e pancartas en todos os institutos e facultades** denunciando a política racista, homófoba e reaccionaria de Donald Trump.
- **Celebración de asembleas, reunións e paros** dunha hora en todos os institutos e facultades, para debater sobre a política de Trump e aprobar resolucións de apoio coa folga das nosas compañeiras e compañeiros de EEUU.
- **Realizar concentracións nas facultades e nos institutos** neses días para exhibir o noso rexeitamento a Trump e o noso apoio ó estudantado norteamericano.
- **Realizar fotografías de todas estas accións**, das reunións, asembleas e concentracións cos carteis de protesta ben visibles e difundilas polas redes sociais utilizando o hashtag #AbajoTrump e enviándoas ós seguintes correos: sindicato@sindicatodeestudiantes.net e contact@socialiststudents.org.
- **Participar activamente nas concentracións ante a Embaixada norteamericana**, consulados e prazas, que se celebrarán o sábado 21 de xaneiro coincidindo co xuramento de Trump como Presidente.
- E, por suposto, **todas as iniciativas e propostas que se vos ocorran!**

POLOS DEREITOS DAS MULLERES, DA XUVENTUDE E DA CLASE OBREIRA!
NON ÁS DEPORTACIÓNS DE INMIGRANTES!
CONTRA O RACISMO E A HOMOFOBIA!

www.sindicatodeestudiantes.net
Sindicato De Estudantes Galiza
@SindicaEstudian

CEDEP MÉXICO

socialist students
A STUDENT MOVEMENT FOR THE 99%

Sindicato de Estudantes